

## **Pérez Herraiz solicita ao Goberno que aclare a situación do antigo centro de Saúde de Sarria**

**Dende a inauguración do novo Centro de Saúde modificouse o seu uso para acoller novas actividades dependentes do Concello sen xustificar un consentimento explícito por parte da Tesourería da Seguridade Social, titular do edificio**

**O Grupo Parlamentario do PSOE solicita coñecer a situación legal e de propiedade do inmovible, se en algún momento houbo cesión do seu uso ao Concello, e se é así, en qué data foi solicitado por parte do Goberno Local e para que usos**

**SARRIA, 12 DE MARZO DE 2015.**-A Deputada do PSOE no Congreso por Lugo -Margarita Pérez Herraiz- anuncia que o Grupo Socialista solicita ao Goberno que aclare, a través dunha pregunta parlamentaria, o cambio de uso e situación na que se atopa o edificio do antigo centro de saúde de Sarria, pertencente á Tesourería da Seguridade Social.

A actuación desta Grupo vén motivada porque dende que a Consellería de Sanidade inaugurou o novo centro de saúde, en setembro do 2011, o antigo quedou sen uso, polo que, ao perder o seu carácter sanitario, tería que reverter á Administración Central. Deste xeito, segundo explica a Deputada Socialista, en lugar de ser devolto á Tesourería da Seguridade Social, o Concello estableceu nel varios servizos e compromisos municipais para Protección Civil, Cáritas ou a Asociación de Palilleiras, sen contar co consentimento explícito por parte da Tesourería da Seguridade Social para establecer nel estes usos.

Por iso, Pérez Herraiz considera necesario “aclarar a modificación dos usos do edificio para acoller estas novas actividades, se responden a un uso partidista ou ven motivada por unha xustificación real e necesaria por parte do Consistorio para dotalo de utilidade pública”.

### **Peticións dos socialistas**

É por este motivo que, dende o Grupo Socialista solicítase unha resposta escrita para coñecer a situación legal e de propiedade no que se atopa o centro. Ademais, preténdese coñecer se en algún momento houbo cesión do uso de dito edificio ao Concello de Sarria, e se é así, en qué data foi solicitado por parte do Goberno Local e para que usos. Por outra banda, o Grupo Parlamentario do PSOE quere coñecer tamén qué entidade está a asumir o custo do mantemento destas instalacións.